



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 8 DE
NOVEMBRO DE 2012**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

FALTA: D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Concelleiro de PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos do día oito de novembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 4 DE OUTUBRO DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO A MINORACIÓN DE COMPLEMENTO ESPECÍFICO DO FUNCIONARIO D. MANUEL BARREIRO BARREIRO

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO A EXPEDIENTE Nº 3/2012 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 4 DE OUTUBRO DE 2012. Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 4 de outubro de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

***Sr. Alcalde:** Moi boa tarde a todos e benvidos á sesión ordinaria do pleno do mes de novembro que se celebra esta vez o segundo xoves deste mes por ser festivo o primeiro. Polo tanto se trasladou a este día oito de novembro. A orde do día que temos para hoxe é, o primeiro punto, aprobación se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o día 4 de outubro de 2012. Non sei se hai algunha alegación á acta. Se non hai ningunha alegación á acta apróbase por unanimidade.*

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO A MINORACIÓN DE COMPLEMENTO ESPECÍFICO DO FUNCIONARIO D. MANUEL BARREIRO BARREIRO

***Sr. Alcalde:** Segundo punto. Aprobación, se procede do ditame da Comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativo á minorización de complemento específico do funcionario D. Manuel Barreiro Barreiro. Ten a palabra o concelleiro de Facenda, D. Alberto Blanco.*

***Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Boas noites. Ben, de acordo ó que se recolle na proposta de Alcaldía–Presidencia de minoración do complemento específico do funcionario Manuel Barreiro Barreiro; visto que o concello ten contratados desde hai anos un técnico de Deportes que ven realizando todas as funcións relacionadas co deporte; visto que a proposta realizada no seu momento polo concelleiro Somoza Carbón indicaba que o funcionario percibiría a cantidade de 30.000 pesetas mentres realizase as funcións de deportes; e visto que, bueno, como se dixo anteriormente, existe un técnico que leva toda a responsabilidade neste tema; proponse, e ditaminouse así favorablemente na Comisión de Organización, minorar o complemento específico do citado funcionario na cantidade de 213, 93 euros ó mes.*

***Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas grazas. Algunha intervención? Ten a palabra, Sra. Louzao.*

***Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE:** Ben. Efectivamente, vendo a proposta que fai o concelleiro fálase dunha cantidade de 180 euros que no seu día, como se dicía, se aprobou en pleno pasando a ser un complemento específico pola realización dunha serie de funcións. Sabemos ademais que estas funcións que viña desenvolvendo o traballador en cuestión (retribuídas, como dicíamos, a través dun complemento específico) é o mesmo xeito do que*

se retribúen as funcións doutros traballadores do concello que, a través de complementos específicos tamén están a desenvolver funcións complementarias ás súas tarefas. Polo tanto, algo que non se resolveu na comisión aquel día: que seguimos sen saber cal é a razón. Que no momento no que as políticas de emprego de persoal do noso concello se basan na libre discriminación de “a unos si e a outros no”, posto que carecemos de RPT e non se nos aclarou por que a este traballador en concreto se lle fai unha revisión das funcións que ven desenvolvendo cando, como dicíamos, sabemos que hai outros traballadores que a través de complementos específicos tamén se lles está retribuíndo por unha serie de funcións, como dicíamos, a maiores, complementarias. Ante este descoñecemento e ante esta situación, como dicíamos, na que as políticas de persoal, se fala por un lado de conxelacións e por outro lado se abren novas contratacións. Como dicimos, carecemos de RPT, algo que a lei di que é preceptivo en tódolos concellos e polo tanto, como isto non se solucionou nunha comisión, como seguimos sen saber que acontece, desde logo nos estraña, e moito, que a política de persoal deste concello sexa “para uns si e para outros non”, que se toquen e se revisen as funcións dun traballador concreto, cando hai outros nas mesmas situacións e, polo tanto, pedimos igualdade para tódolos traballadores e que a revisión sexa a través dunha relación de postos de traballo onde se ditaminen as funcións. Polo tanto, como dicíamos é algo que quedou sen resolver na comisión e que seguimos sen saber a que responde esta situación.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Como ben di a portavoz do grupo socialista, non parece que se xustifique moito esta revisión e do complemento deste traballador, todo máis cando non temos unha RPT que determine as competencias de cada quen. E ademais, cando este traballador ten asumido funcións como a xestión do Portelo Único, funcións a maiores do que lle corresponde. Pode parecer como unha persecución ideolóxica e unha medida exemplarizante de cara ó resto dos traballadores, polo que consideramos que non se debe aprobar este punto e manterlle as funcións e o complemento de salario a este traballador.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas, Sr. Magariños. Ten a palabra o Sr. Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Isto si quedou resolto na Comisión. Outra cousa é que satisfagan a cada un dos partidos as explicacións e os motivos. Que se fai falta unha RPT? desde logo. Se hai funcionarios que ó mellor están desenrolando máis funcións das debidas? é posible, que non estean debidamente retribuídos. Agora, o que si, o que non ten sentido é que se estea pagando por unha serie de funcións que non se están desenrolando. Ese sería o caso totalmente contrario do que estaba afirmando a portavoz socialista. Persecución ideolóxica paréceme un pouco...*

O Sr. Magariños Maceiras, do BNG sinala que podería parecer de cara a fóra.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Nin cara fóra nin cara adentro.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sr. Blanco. Ten a palabra, Sra. Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Ben, dicíanos o portavoz do partido popular que si se resolvera na comisión. Non sei se estivemos na mesma. Tamén se nos dixo que se nos ía a mandar o que pedimos e o que solicitamos, unha explicación de por que se chegaba a unha minoración salarial de 213 euros. O que se nos mandou foi un parágrafo dicindo que era por igualar. Igual que cando apuntaba o portavoz do BNG, este traballador realiza outras funcións a maiores das súas como auxiliar, polo tanto habería que ver eses cálculos detallados. Xa non só iso, senón que, como falabamos (e nos mantemos nisto), é necesario que a revisión das funcións para os traballadores (que, insisto, fai máis funcións das que se din nesta proposta da Alcaldía), para minoración, a revisión das funcións dos distintos traballadores e situar a cada quen no seu nivel salarial, se fai a través dunha RPT e polo tanto non de xeito aleatorio, non de xeito... bueno, o portavoz do BNG dicía persecución*

ideolóxica, eu non sei se é unha persecución ideolóxica ou non. Solo sei que se fai sobre un traballador e que hai máis traballadores na mesma situación e que se fai carecendo dunha relación de postos de traballo, que é a ferramenta pola que se regulan as funcións dos distintos traballadores do concello. Polo tanto, o noso grupo vai a votar en contra desta proposta de minoración posto que non a consideramos xusta entre os distintos traballadores do concello.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Ten a palabra Sr. Magariños.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Como dixer na Comisión, é unha medida que se este traballador recorre pola vía xudicial, o máis probable é que gañe, co cal o custe para o concello vai ser superior. Reitero que non se debe aplicar mentres non se conte cunha RPT que determine as funcións da cada quen.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Pois creo que está suficientemente debatido o asunto, así que, se lles parece, procedemos a votar este punto da orde do día.*

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e nove en contra (oito do PSdG-PSOE e un do BNG) o seguinte Acordo:

-Vista a proposta efectuada en data 1 de febreiro de 1996 polo entón Concelleiro Delegado de Persoal D. Manuel Somoza Carbón, que literalmente transcrita di:

"Que se lle de unha gratificación a D. Manuel Barreiro Barreiro de 30.000 pts. Mensuais por leva-lo departamento de Deportes fora do horario de traballo, que se incluírían no Complemento Específico, e que as percibirá mentres realice a función, e ademáis non poderá pasar horas extraordinarias por ningún concepto".

-Visto o acordo do Concello Pleno en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 1996 no que se aproba a proposta antes indicada.

-Visto que o Concello ten contratado, dende fai uns anos, un Técnico de Deportes que ven realizando todas as funcións que tiña asignadas D. Manuel Barreiro Barreiro, coa excepción da organización do campionato de tenis e da confección dos horarios das instalacións deportivas, actividades que esta Alcaldía xa ordeou que tamén realice o Técnico de Deportes, por ser propias do seu posto.

-Visto que o Complemento Específico vai dirixido a retribuir de maneira fixa e periódica as características dos postos de traballo atendendo á dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

-Visto que a propia proposta realizada polo Concelleiro Sr. Somoza Carbón indicaba que o funcionario percibiría a cantidade de 30.000 pesetas mentres realice as funcións de deportes, a así se acordou no citado Pleno do 9 de febreiro de 1996.

Vista a fiscalización efectuada polo Interventor accidental D. Luis Manuel Lozano Lorenzo en data 17 de outubro de 2012.

Visto o informe emitido pola Secretaria en funcións Dna. María Jesusa Fernández Bascuas en data 19 de outubro de 2012.

ACORDAMOS:

Minorar o Complemento Específico do funcionario D. Manuel Barreiro Barreiro na cantidade de 213,93 €/mes (correspondente a 14 pagas ou 2995,02 €/ano) despois de aplicarlle as variacións experimentadas polos salarios dos funcionarios municipais dende o ano 1996, tomando como base a cantidade de 180,30 € (30.000 pesetas) toda vez que na actualidade non realiza funcións propias do Departamento de Deportes, por ter sido asumidas por un técnico especialista.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO A EXPEDIENTE Nº 3/2012 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

***Sr. Alcalde:** Punto número tres, aprobación, se procede, do ditame da comisión de Facenda e Especial de Contas, relativo a expediente nº 3/2012 de recoñecemento extraxudicial de créditos. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.*

***Sr. Blanco Carracedo, do PP:** O expediente nº 3/2012 de recoñecemento extraxudicial de crédito inclúe o pago de tres facturas de exercicios anteriores que non foron tramitadas nas súas anualidades regulamentarias e que procedemos a pagar con cargo á remanentes que proveñen do exercicio anterior.*

***Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha intervención? Polo tanto, procedemos a votar este asunto.*

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Incoado o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 3/2012, co obxecto de que o Pleno da Corporación aprobe unha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias,

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990 de 20 de abril,

Visto o informe de Intervención de data 25 de outubro de 2012,

ACORDAMOS

Apróbase o expediente número 3/2012 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe global de 22.144,00 euros a favor dos acredores e nas contías individualizadas relacionadas a continuación:

RELACIÓN DE FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS REALIZADOS EN EXERCICIOS ANTERIORES:

APLICACIÓN	EMPRESA	C.I.F.	DESCRIPCION	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE €	R.I	R.C
340.227.06	CLUB BÁDMINTON A ESTRADA	G-36236511	ESCOLAS DEPORTIVAS DE BÁDMINTON OUTUBRO-NOVEMBRO-DECEMBRO 2012	6	30/12/2011	1.380,00	1609/12	2012011782

340.227.06	ATLETISMO ESTRADA	A	G-94060142	ESCOLAS DEPORTIVAS DE ATLETISMO OUTUBRO-NOVEMBRO-DECEMBRO 2012	C-1-2011	30/12/2011	465,00	1706/12	2012011781
330.226.18	XXL PRODUC- CIÓN LOXÍSTICA, S.L.	E	B-15928252	PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA ROCK&CLOWN 2011	X025	10/06/2011	20.299,00	2038/11	2012011780

TOTAL: 22.144,00 euros

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) MOCIÓN CONXUNTA DAS TRES FORZAS POLITICAS RELATIVA Á PREVENCIÓN, APOIO E ASISTENCIA ÁS VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Sr. Alcalde: *Antes de pasar á parte de control da xestión, algunha moción de urxencia por parte dos grupos políticos?*

Sra. Goldar Cora, do PP: *Grazas alcalde. Boas noites. Como sabemos o 25 de novembro é o día internacional contra a violencia de xénero. Esta corporación, como ven sendo habitual, xúntase e intenta chegar a un acordo cos distintos grupos políticos a fin de lograr unha manifestación conxunta de intencións e de liñas a seguir na loita contra esta lacra social. Entón, como a reunión tivo lugar, na xunta de portavoces, o luns pasado, manifesto que vaia por urxencia a moción a fin de debater a súa aprobación. Grazas.*

Sr. Alcalde: *Algunha intervención en canto á urxencia deste asunto. Polo tanto procedemos á votación da urxencia.*

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto, aprobándose por unanimidade.

Sr. Alcalde: *Aprobase a urxencia e pasamos ó debate desta moción.*

Sra. Goldar Cora, do PP. *Como estabamos dicindo, o 25 de novembro é o día internacional da violencia de xénero. Este é un día que se converte precisamente nun día de reflexión, de sensibilización para expresar o rexeitamento máis profundo a este tipo de violencia contra as mulleres. A este rexeitamento sempre se sumou esta corporación municipal. A tal fin, o pasado luns os portavoces dos grupos políticos máis eu neste caso como delegada concelleira de Benestar Social e Igualdade, xuntámonos e decidimos, a partir de cada grupo ter presentado as súas mocións e os seus escritos, facer un documento conxunto a fin de mostrar a unidade desta corporación, independentemente das opcións e direccións políticas que cada un de nós temos; mostrar esta unidade en contra desta lacra social. Tamén agradecer a colaboración dos portavoces tanto de PSOE como do BNG para tentar chegar a un acordo, e creo que debemos felicitarnos neste tema estar por encima de directrices ou de políticas concretas, e loitar polo dereito á vida das mulleres. Se lle parece ben ó pleno, procederé a ler a moción coa que chegamos a acordo:*

“Os grupos municipais do PP, BNG e PsdG-PSOE presentan ó pleno da corporación para o seu debate a seguinte moción consensuada polos tres grupos políticos en base á seguinte exposición de motivos:

O 25 de novembro foi declarado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, co obxectivo de implicar aos gobernos e ao conxunto de organizacións de carácter social na sensibilización a respecto do grave problema que constitúe a violencia de xénero. É, pois, unha data para a denuncia, de concienciación social, mais tamén un día para propiciar a reflexión e o compromiso de toda a sociedade galega sobre a violencia que se exerce contra as mulleres polo simple feito de ser mulleres. Todos os anos elaboramos un manifesto, recordamos ás vítimas, damos datos, constatamos que aínda queda moito por facer. No que vai de ano 39 mulleres perderon a vida, vítimas da violencia de xénero e só 7 delas denunciaron a situación. Concretamente a última vítima foi unha muller galega; porque as mulleres seguen morrendo ano tras ano por este terrorismo machista, seguen sufrindo na súa vida e na dos seus fillos e fillas agresións físicas e psicolóxicas, seguen vivindo, demasiadas veces, un inferno do que é moi difícil escapar. Así que todos os esforzos son necesarios para visibilizar e apoiar as vítimas e non permitir que caian no esquecemento, porque o machismo mata. Os poderes públicos teñen, conforme ao disposto no artigo 9.2 da Constitución, a obrigaón de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos ditos dereitos, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude. Porque vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas; é a manifestación mais terrible da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das Administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer ás vítimas. Polo que, un ano máis, a corporación municipal do Concello de A Estrada quere expresar a repulsa máis profunda á violencia masculina contra as mulleres. Porque a violencia contra as mulleres é unha grave vulneración dos dereitos humanos máis elementais, e porque a igualdade é garantía de paz, queremos expresar o noso firme compromiso coa defensa dunha sociedade xusta e igualitaria, libre de violencia machista. Moitos concellos teñen sido pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar esas actuacións, e débese, tamén, reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a vivir sen violencia. Entendemos que a loita contra a violencia de xénero non pode afrontarse con medidas parciais, senón que polo contrario débense establecer programas integrais que incorporen as múltiples respostas dirixidas a todo o proceso, a prevención para evitar a violencia, a protección das vítimas, e ao seu a apoio unha vez se produza o feito violento. De acordo ó exposto, os grupos municipais propoñen a adopción dos seguintes acordos: - Primeiro: a corporación municipal da Estrada asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia as vítimas de violencia de xénero para continuar traballando pola prevención e o apoio e asistencia ás vítimas no ano 2013. Asimesmo instar á Xunta de Galicia e ao Goberno central a manter e mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas de violencia de xénero para promover o fortalecemento da independencia económica, política e social das mulleres. -Segundo: desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e aos seus fillos e fillas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos. -E en terceiro lugar: conseguir das distintas administracións unha maior colaboración entre os distintos organismos sanitarios, sociais e xudiciais para unha mellor protección das vítimas e do seu entorno. Grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas. Algunha intervención? Ten a palabra, Sra. Louzao.*

Sra. Louzao – Vieites, do PsdG-PSOE: *Ben. Como dicía neste caso a representante do Partido Popular, efectivamente o 25 de novembro é un día que se ven conmemorando en recordo das vítimas de violencia de xénero. Un día que non debe de caer no esquecemento, como dicía a exposición de motivos que todos acordamos por unanimidade, porque o máis sangrante de todo este caso é que os dereitos que afectan ás mulleres é o dereito fundamental de vivir sen violencia, que non sexa atacada polo seu xénero. E debemos loitar como representantes das institucións, como representantes da sociedade, para que non se*

faga unha política regresiva, para non poñer en perigo os avances acadados na loita contra á violencia de xénero nestes últimos anos. Estes días nos medios de comunicación podemos ver como dende o goberno de Galiza se ten feito un recorte nos orzamentos dun 79%, dende o goberno do Estado se ten feito un recorte de máis dun 27%, estamos a falar de 8 millóns nas medidas de protección, e polo tanto penso e ratifico este acordo por unanimidade porque considero que é fundamental, e que aí debemos entendernos todos; en que a prevención, a sensibilización e o apoio ás mulleres ante estes casos de violencia de xénero é fundamental para que a sociedade supere esta lacra. Polo tanto, é fundamental que traballemos de cara a desenvolver un plan específico de actuacións para protexer ás mulleres e ós menores, que tamén delas dependen nesta situación. É fundamental que promovamos acordos de formación, promovamos melloras da coordinación, como di a moción conxunta que temos feito, e é fundamental que as axudas cheguen ás mulleres que sofren estas dificultades ó longo da súa vida. Polo tanto, dende o noso grupo ratificamos aquí en voz alta esta moción que se presenta de xeito unánime e instamos que se manteñan as políticas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, e comprometemos o noso apoio coa corporación municipal a loitar a nivel local contra esta lacra.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas, Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Dende o noso grupo non podemos nada máis que alegrarnos de que chegamos a acordo nesta moción. Que resaltamos máis os puntos que nos unen que os poucos que nos diferenciaban (cuestión de diagnóstico). Mais no fondo da moción, e como ben se resalta aquí en varios parágrafos, no caso por exemplo das denuncias, temos que seguir traballando para que non haxa ningún tipo de medida que deixara ás mulleres de acudir á xustiza a denunciar a situación na que está, ou que a crise non sexa a desculpa de reducir medidas e políticas que se teñen desenvolvido nestes últimos anos. E entón, reitero a satisfacción de poder chegar a un acordo, aparte de que chegamos a un acordo facilmente nunha cuestión de capital importancia para a nosa sociedade, como é esta moción.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas Sr. Magariños. Grazas a tódolos voceiros. Polo tanto, procedemos á votación desta moción.*

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por unanimidade:

1º.-Asumir o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero para continuar traballando pola prevención e o apoio e asistencia ás vítimas no ano 2013.

2º.-Instar á Xunta de Galicia e ó Goberno central a:

2.1.-Manter e mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas de violencia de xénero para promover o fortalecemento da independencia económica, política e social das mulleres.

2.2.-Desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e aos seus fillos e fillas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos.

2.3.-Conseguir das distintas administracións unha maior colaboración entre os distintos organismos sanitarios, sociais e

xudiciais para unha mellor protección das vítimas e do seu entorno

***Sr. Alcalde:** Algunha outra moción de urxencia? Pois se non hai pasamos por tanto á parte de control da xestión, coa dación de contas de Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2012, ámbolos dous incluídos e o punto número quinto, rogos e preguntas.*

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2012.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

***Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE:** Ben, en primeiro lugar vamos a trasladar aquí a este pleno unha pregunta que xa fixemos chegar ó grupo de goberno. Unha pregunta que nos trasladan os veciños de San Miguel de Castro ante a preocupación social que se está a xerar esta semana posto que na zona chamada Coto de Castro, no lugar de Castro, na parroquia de San Miguel, os veciños describen como se está a levantar unha torre, definen eles, e iso está a crear como dicíamos, preocupación social. Xa trasladamos esta pregunta e desde o concello se nos dixo que se nos ía informar e polo tanto trasladamos hoxe aquí esta pregunta e agradecemos que nos pasen a resposta para poder darlle cumprida resposta ós veciños que nos preguntaban por esta situación que está a acontecer con esta construción en Castro.*

***Sr. Alcalde:** Moi ben. Pois como ben comentaba, despois de poñerse en contacto telefonicamente comigo (e ademais xa tiñamos coñecemento deste tema por parte dalgúns veciños), tiñamos falado xa coa empresa Retegal que, en principio é a propietaria ou a concesionaria desa franxa de terreo xa onde ten instalado unha antena repetidora para sinal de televisión e o que nos trasladaron é que simplemente estaban actuando nesa mesma propiedade que é un terreo de aproximadamente de 200 m² que non tiñan ocupado na súa totalidade e que estaban facendo ou construíndo unha torre con máis altura para seguir mantendo o que é o sinal de televisión e dar cobertura ó plan de banda ancha que ten a Xunta de Galiza a través desa empresa. De feito, ese mesmo día, o día seguinte á mañá, o concelleiro do rural se personou cun responsable da empresa na zona, e se paralizaron as obras ata que acreditasen a documentación, que tivesen toda a documentación en regra, e a empresa quedou de acercarse ó concello para trasladarnos a documentación e explicarnos cal era o proxecto que teñen para esa antena repetidora, e a partir de aí valoraremos a decisión que se toma. Pero a día de hoxe o que podemos dicir é que a obra está parada e a empresa en principio en disposición de explicarnos cales son as iniciativas e o proxecto que ten para esa zona.*

***Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE:** Moi ben. Grazas pola súa resposta. Efectivamente coincide co que nos denuncian os veciños, nesa preocupación de que, bueno, é unha zona dun valor paisaxístico importante para a parroquia e se nos dicía que efectivamente carecían de licenza para facer esa obra. Como somos conscientes, igual que é o goberno, de que hai unha serie de documentación para dar esa licenza e para concedérselle unha licenza para esta actuación, e agradecemos, para dar cumprida resposta ós veciños, que se nos faga chegar, e este xa é un rogo, e que se nos faga chegar un informe de cal é a situación do*

expediente administrativo para iso para poder achegalo. Entón é un rogo: que se nos faga chegar ese informe administrativo.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Entendo que non hai maior problema de facerllo chegar. Simplemente comentar que me comentaba o concelleiro agora tamén que o que se está a facer é un cambio na antena actual. O cambio da antena actual se retirará unha vez que esta construída, se retirará a antena actual que serve como repetidor do sinal de televisión. E saben vostedes que se está despregando o plan de banda ancha en todo o rural de Galiza e esa antena servirá tamén para mellorar as zonas de cobertura no ámbito do noso concello. En todo caso, como ben saben, e como ben lle dixemos á empresa, teñen que cumprir os requisitos todos necesarios, así se lle trasladou. A empresa paralizou as obras e nos próximos días valoraremos as decisións que teñamos que tomar para conseguir que se faga todo dentro dos trámites ordinarios.*

Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE: *Ben, nós valoramos que así se faga, que se faga seguindo os requisitos que hai que facer, como vostede dicía e que podemos coincidir. Pero igual tamén coincidimos que hai outros requisitos que tamén hai que cumprir noutra serie de expedientes, noutra serie de temas e a iso vamos a preguntar.*

E imos preguntar posto que o grupo de goberno é consciente posto que se fixo esta solicitude por rexistro, se pediu que se convocara a comisión de urbanismo para ver que pasa co expediente do Plan Xeral, porque levamos sen saber del varios meses, porque se fan modificacións que non se lle da traslado ós veciños, porque descoñecemos o expediente, porque descoñecemos se existen ou non os informes, porque se nos está a impedir o acceso ós documentos e ós expedientes rexistrados no noso concello que solicitamos e volvemos a solicitar por rexistro, porque o expediente do Plan Xeral se está a levar co secretismo que se está a levar e o único que se coñecen e que saben os veciños da Estrada son os titulares que saen na prensa. Se di por un lado que xa están rematados os traballos nos núcleos, despois se di que non están rematados, que se nos ensenaran cando estean rematados. Golpe a golpe se segue insistindo en que este será o ano do Plan Xeral o cal agardamos que así sexa e nos alegraríamos que así fose, pero tendo en conta que estamos nun pleno a final de ano, tendo en conta que estamos xa no mes, a mediados xa pola festividade que houbo, a mediados do mes de novembro, preguntamos primeiro: porque non se ten convocada a comisión de Urbanismo que temos solicitado en función do número de representación que obtivemos neste concello, segundo como está o expediente do Plan Xeral?. Xa sabemos moitas das súas respostas, que nos vai a dicir o mesmo que dixo na prensa e vimos, como dixo o Sr. Magariños, merendados para poder escoitar todo aquilo que vostede nos queira dicir, sempre e cando nos dea algunha información. Posto que desde logo insistimos que desde que o noso grupo pediu a finais do ano pasado que se fixera unha comisión para informar, o grupo de goberno nin ensinou nin informou nin deu opcións de participar ó resto dos grupos; polo tanto, unha das nosas preguntas é: Sr. Alcalde, cando vai vostede a convocar a comisión informativa de Urbanismo que temos pedida; que está a suceder co Plan Xeral?; como avanza e cando se vai amosar?.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Pois creo que xa falamos en máis dunha ocasión deste tema. Eu o que lle podo dicir é que se está traballando dunha forma intensa, aínda que é un camiño complexo, na tramitación do Plan Xeral. Pero eu lle podo garantir que tan pronto teñamos información para poder tramitar e para poder debater, lla trasladaremos en debida forma e ademais cumprindo os tramites, para que vostedes poidan analizala e poidamos ver os aspectos a debater na correspondente comisión informativa. Eu espero que sexa o máis pronto posible, pero a data de hoxe, se quere que este goberno leve documentación e leve información para poder debater, a data de hoxe non lle podo dar unha data concreta. Pero espero que sexa o máis pronto posible e que nun prazo razoable de tempo poidan ter cumprida información sobre ese expediente.*

Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE: *Ben, di vostede que non teñen feito avance ningún, polo que entendo das súas palabras, significativo como para poder darnos información nunha comisión, despois de que vostede unha e outra vez leve dicindo na prensa que os*

traballos están avanzados e que xa se vai a mandar á Xunta este ano. Como dicíamos, ou unha cousa ou outra, non se pode estar na misa e repicando ó mesmo tempo, ou se ten avanzado ou non se ten avanzado, ou hai expediente para ensinar ou non hai nada feito para poder ensinar. Polo tanto, se vostede unha e outra vez insiste en que hai traballo feito pois, desde logo, insisto, por rexistro e se quere vostede o volvemos a rexistrar unha vez máis, Sr. Alcalde, convoque vostede a comisión de Urbanismo para que teñamos tódolos grupos da Corporación municipal acceso ó expediente, coñezamos cales son os informes que hai feitos polos técnicos municipais e cales non, e poidamos dar traslado ós veciños que están empezando a crer que o do Plan Xeral é un pouco como a Santa Compañía, existir existe pero ninguén a ve. Entón, por favor, lle pido por favor convoque vostede seguindo as obrigacións que ten en base ó ROF a comisión de Urbanismo, e dea traslado do expediente do Plan Xeral á participación do resto da corporación municipal. Porque xa non só iso, senón que o noso grupo pedía por rexistro copia dos expedientes do rexistro do concello da Estrada e a data de hoxe non sabemos cando podemos ter acceso a eses expedientes. Se nos está dificultando a labor de información, a labor de fiscalización do goberno. Polo tanto, cando se nos vai dar acceso ós expedientes que temos solicitados, Sr. Alcalde?

Sr. Alcalde: Non se preocupe que espero que pronto poidan ter vostedes acceso a esa información e poidan ter vostedes a posibilidade de debater diferentes aspectos do Plan na debida comisión informativa.

Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE: Ben, iso xa mo dixó antes. Que a ía a convocar cando vostede considerara, máis pronto que tarde, a comisión. Pero os expedientes que temos solicitados tamén nolos vai a dar nesa comisión? Váínoles a dar antes? Son temas independentes, Sr. Alcalde. Cando nos vai a dar acceso ós expedientes do rexistro que temos solicitados?.

Sr. Alcalde: Sabe perfectamente vostede, e ademais é algo repetido de forma reiterada neste pleno, que aquí toda a documentación está a disposición dos concelleiros. Non hai ningunha documentación que estea non accesible os concelleiros. Polo tanto, teñen vostedes a súa disposición todo o que necesiten, a documentación que precisen para análises de calquera tema. Saben que ademais é así, por lei teñen vostedes acceso a toda esa información, ó que estimen oportuno.

Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE: Está ben. Pois nada, xa que pedindo por escrito non se nos da acceso, non se nos da copia diso pois personarémonos aí e iremos a pedirullo entón persoalmente, xa que parece que lle gusta máis esa fórmula.

Outra pregunta é, estes días o viamos pola prensa e estou segura de que vostede contaba con esta pregunta. Hai unha novidade, unha novidade non moi afortunada para os veciños e as veciñas da Estrada pola inseguridade que significa no urbanismo estradense que é a sentenza que ditou o Supremo recentemente, sentenza que tamén pedimos que se dera cumprida información ó resto dos grupos políticos por unha comisión que é onde se deben de tratar estes temas e informar xunto cos técnicos municipais, que temos pedida esa comisión e da que tampouco sabemos nada. Novamente me vai a dicir que a vai a convocar á maior brevidade?

Sr. Alcalde: Se vostede pregunta e vostede se responde, creo que sobra este diálogo entre goberno e oposición. Eu, desde logo o que lle podo dicir é o que podo comprometerme a dicirlle. Non lle vou a dar datas que non poida cumprir. Eu procuro ser rigoroso nese aspecto. Polo tanto a faremos, faremos a debida comisión cando entendamos que temos a documentación, a información e non faremos xuízos de valor anticipados ou precipitándonos creando falsas alarmas ou expectativas que non se poidan cumprir. Eu mantiven unha reunión, fun coñecedor desa información, o xoves pola prensa, o venres tivemos unha reunión, un contacto telefónico coa Secretaria Xeral de Urbanismo, o luns tivemos unha reunión cos técnicos municipais, non tiveran todavía opción de poder estudar en profundidade esa sentenza, a están valorando, e posiblemente a semana que ven poidamos ter outra reunión para valorar un pouco cal é a opinión dos técnicos, aínda que fixeron

unha opinión a priori queren profundizar máis; e cando teñamos esa información, por seguro que lla trasladaremos en debida forma e en cumprimento de tempo.

Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE: *Moi ben, pois precisamente usando as súas propias palabras, que vostede pasaba de dicir que esa sentenza non era preocupante e non cambiaba nada, pasou a dicir que habería que ter especial coidado na execución das licenzas outorgadas en base ás transitorias. Partindo tamén das súas palabras, que dixo que se reunira cos técnicos, o único que pide o noso grupo é acceso ós técnicos, acceso á información, acceso á sentenza nunha comisión para poder valorar conxuntamente. Porque, como xa dixemos, e vamos a seguir dicindo, o urbanismo na Estrada é un tema suficientemente importante como para poder velo todos xuntos, tratalo e plantexar as dúbidas e as opinións de todos nunha comisión que é onde se debe de facer como corporación municipal responsable, cos técnicos. Polo tanto, e insisto, témolo pedido por rexistro, se quere vostede volvémo-lo a pedir, temos número de votos suficientes, representamos suficiente porcentaxe de voto neste concello como para pedir a convocatoria dunha comisión. Xa van dúas que temos pedidas e vostede fai caso omiso da súa obriga-ción como alcalde para convocalas. Convoque, Sr. Alcalde, a comisión para que todos poidamos ter acceso a ver cal é a situación real do urbanismo na Estrada, porque preocúpalle os veciños, porque preocúpanos ós políticos como representantes deses veciños, e debemos nesta situación de crise dar unha resposta o antes posible a estas opcións que se abran ou se pechen a través do urbanismo da Estrada. Temos o Plan Xeral e nadie sabe que pasa con el. Veñen a volta as normas do 78 e aquí non se move ninguén e non se lle da explicación ós veciños. Sr. Alcalde, sexa vostede transparente, dea opción a que os grupos coñezamos que está a suceder para que poidamos, desde a responsabilidade como membros desta corporación, tratar un tema tan importante para A Estrada como é o urbanismo, de xeito conxunto. Sr. Alcalde, sen máis, convoque vostede, lle rogamos (a parte de telo feito por rexistro, facendo valer o número de concelleiros e de representación que temos neste concello) convoque vostede de xeito urxente a comisión de urbanismo para que o urbanismo deste concello dunha vez por todas sexa transparente e os veciños sepan que hai de realidade na xestión do urbanismo municipal.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Pois atendido o seu rogo. Daremos cumprida resposta cando entendamos que é o momento preciso para dar esa información. De todas formas, me parece excesivo e moi pouco, moralmente, creo que pouco elegante, que diga vostede que non ten acceso ós técnicos, nin acceso á información, nin acceso á sentenza. Eu creo que aquí ten acceso absolutamente a toda a documentación que hai neste concello. Se vostede non ten a sentenza é porque non quere, se vostede non fala cos técnicos é porque non ven a esta casa a falar con eles, e se vostede non ten información será porque non se preocupa de tela, que é o seu traballo como oposición. Pero o que lle podo garantir é que ten as portas abertas desta casa para consultar, para falar, para opinar, para reunirse cos técnicos. Pero permítame que lle diga que de momento o goberno está deste lado e o goberno toma as decisións e entende e decide cando considera oportuno ter comisións informativas que realmente sexan útiles. E non gastar, xa sei que vostedes teñen unha querenza excesiva polo gasto, pero nós non queremos gastar por gastar e convocar comisións informativas para pagar dietas e asistencias en temas que cremos que non están o suficientemente analizados para poder ser debatidos. Cando teñamos esa información, con responsabilidade convocaremos as comisións oportunas e daremos cumprimento trámite a todas esas preguntas e toda esa información que vostede necesita; aínda que se quixera xa podía ter acceso a toda esa información que vostede solicita.*

Sra. Louzao – Vieites, do PSdG-PSOE: *Reitero o meu rogo de que convoque vostede esa comisión posto, que como vostede sabe temos suficiente representación como para pedirlle que a convoque e é obriga-ción súa convocala.*

Tamén lle digo, efectivamente como teñamos información sabemos que a licenza, a obra que se está facendo no Castro, que dixo vostede que parou, carecía de licenza neste concello e que se descoñecía a súa existencia. Tamén o sabemos porque o departamento de urbanismo carecía desa información. E que diga vostede que non ten información, que convocará a

reunión cando teña información que darnos, desde logo é unha irresponsabilidade total. Porque vostede coñece a sentenza, debería polo menos cando menos suponse que saber como está o expediente do Plan Xeral e esa información debería estar no concello. Polo tanto, soamente estamos pedindo o que é de dereito democrático, unha comisión na que todos poidamos traballar e valorar. Se vostede está rexeitando a nosa oferta de traballar conxuntamente nunha comisión, bueno, pois alá vostede. Nós seguimos mantendo o rogo de que cumpra vostede coa legalidade e convoque as comisións.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas. Pois tomarei nota dos seus consellos. Algunha pregunta máis?. Sr. Picaño, ten vostede a palabra.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Boas noites. Eu é unha pregunta e máis un rogo. A pregunta é que me din os veciños de Moreira que se puxo un punto de luz no lugar de Moreira Vella e queren saber cal foi o criterio porque, bueno, non lles parecía moi oportuno cando se cortaron outros.*

E o rogo, na parroquia de Riveira, no lugar de O Piñeiro hai un colchón tirado alí e leva meses, e se cando pasaran os voluminosos se o podían recoller. Que tomaran nota diso.

Sr. Alcalde: *Moitas grazas, Sr. Picaño. Pois en relación ó punto de luz, se seguiron os criterios que se seguiron habitualmente para poñelo. Eu como comprenderá descoñezo, vou a nivel de detalle pero descoñezo con tanto detalle todos e cada un dos detalles dos que hai no rural. Intentarei saber que é o que pasou neste punto de luz, pero non ten outro criterio, xa lle digo, que non se siga habitualmente para a conexión con este plan de aforro enerxético. Non se cortaron exclusivamente máis de 2.000 puntos de luz senón que algunhas peticións de veciños que tiñan a demanda do seu punto de luz diante da súa vivenda, se atenderon tamén. Son casos contados pero algúns deles hai, e supoño que algún será este que está vostede a referirse na parroquia de Moreira. Ten algunha pregunta máis.?*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Bueno, este en concreto..., é un rogo máis ben.*

Sr. Alcalde: *Pois pida a palabra, eu lla dou e continuamos, este é un debate, eu lle dou a palabra e seguimos. Ten vostede a palabra.*

Sr. Picaño Riveira, do PSdG-PSOE: *Bueno, pois é un rogo, rógolle que, como vexo que a factura da luz non conseguí baixala moito, que encenda outros que hai que penso importan bastante máis que este que puxeron alí.*

Sr. Alcalde: *Valoro moito o seu rogo, pero xa sei que para vostede ochenta mil euros en seis meses non é moito. Para nós é bastante. Para nós é unha xestión da que creo que debemos sentirnos satisfeitos, nós, non este goberno, senón toda A Estrada que supo facer un esforzo importante para ceder parte do seu en beneficio e interese xeral. Ochenta mil euros en seis meses e unha estimación en torno a douscentos mil euros nun ano de aforro no consumo enerxético, cando a factura da luz está subindo, polo tanto, iso ten unha distorsión ó noso favor en torno ó 6 ou 8 %, é unha cifra máis que considerable da que nós nos sentimos moi orgullosos. Xa sei que para vostedes douscentos mil euros son un lixio e o gastan en calquera cousa, e nós procuramos xestionar de forma racional e de forma eficiente. Algunha outra pregunta? Sr. Magariños ten vostede a palabra.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Roboume a pregunta do Sr. Picaño. E é que o problema é que este punto de luz está nun camiño de terra, no Camiño Real. É bastante ilóxico onde está, porque eu cando mo comentaron, fun o outro día a comprobalo e efectivamente está nun camiño. Non parece moi lóxico que unha casa que ten servizo por pista asfaltada por diante e un camiño por atrás que se poña, cando ten luz pola pista asfaltada e polo camiño, se lle poña luz por un camiño de terra; non parece moi lóxico cando se teñen retirado outros cos que concordamos neste pleno. Temos falado moitas veces que nos parece ben este plan de aforro, pero bueno, hai que dar exemplo. Falamos nestes plenos e quedamos que en política as aparencias, os feitos son importantes, non podemos estar pedindo a uns veciños*

que fagan sacrificios, que se retiren puntos de luz (que estou dacordo que sobran) e se vaian a poñer nun camiño de terra que non ten tránsito. Pero bueno, vou empezar coas....

Sr. Alcalde: *Era un rogo ou unha pregunta?*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Era un rogo: que non se coloquen puntos de luz onde non hai tránsito.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *A primeira pregunta está relacionada cun tema polo que xa preguntei noutro pleno, que para argumentar esta permítaseme empregar un texto que se pode ver no facebook, que empeza así:*

“A biblioteca. Sábado polo mañá, biblioteca municipal, na sala de lectura os usuarios afánanse por aproveitar as tres horas en que esta permanece aberta, de dez a trece horas. Un opositor subliña unha e outra vez os artigos que ten que memorizar para poder ingresar no corpo de policía autonómica; dúas mozas contrastan datos cos seus portátiles e discuten en voz baixiña sobre o resultado dun problema matemático; unha universitaria analiza textos literarios. As mesas soportan o peso de décadas de apuntamentos, estragadas, algunha coxa, mentres as cadeiras xa non resisten o nivel de uso de tantos anos. Unha raiola de sol entra sen preguntar por medio dunhas cortinas que non lle impiden o paso pois levan tempo rotas, todos se deslumbran, algún cambia de sitio. Unha mirada perdida detecta unha enorme mancha negra de humidade no teito, esa mesma mirada vai andando hacia os carteis intentando ler as etiquetas que xa perderon a tinta. Máis abaixo, unha táboa apoiada contra a ventá outrora serviu para soste enciclopedias. Comeza o ensaio da banda de música no piso superior, ó unísono escóitanse os suspiros dos derrotados e escasos usuarios da sala. A biblioteca da Estrada, 21.759 habitantes ten tan só 530 socios, 2,44% da poboación. Unha cifra que contrasta poderosamente coa de calquera outra biblioteca de similares características. Non é que as novas tecnoloxías alonxen ós usuarios das bibliotecas, máis ó contrario: en tempos de vacas fracas, os lectores compiten por conseguir un volume nas bibliotecas que aumentan ata tres veces o numero de usuarios. As queixas dos da Estrada son tan vellas como xordos os oídos dos distintos políticos que teñen pasado polo Consistorio Municipal. A última delas chegou ó pleno e tivo a mesma resposta que a música de espera dunha compañía telefónica. Mentres non abran a casa das letras a biblioteca da Estrada seguirá en espera. O proxecto Meiga pretende que tódalas bibliotecas públicas cataloguen vía informática os seus títulos para unha xestión masificada das mesmas. Na Estrada hai persoal supostamente cualificado para desenvolver este traballo, mesmo conta coa única funcionaria do grupo A que hai nas bibliotecas municipais galegas, máis ese é un obxectivo que nunca se conseguiu. Todas as bibliotecas desenvolven unha incesante labor de promoción do libro e da lectura, crean recunchos moi cómodos e atractivos para os máis cativos, realizan actividades culturais e de promoción da lectura para tódalas idades, etc. Na Estrada non, como tampouco chegan as novidades editoriais ó edificio de usos múltiples da vila. Algo vai pasando na capital do moble de Galicia para que o seu mobiliario non sexa renovado, para que a música desconcentre ós opositores ou para que o número de usuarios retroceda a pasos axigantados. Non sería difícil adicar esforzos municipais para acondicionar as salas, dinamizar e non dinamitar a biblioteca, e que os usuarios volvan ó 104 da avenida Benito Vigo; non se trata de diñeiro senón de disposición e de interese”

E a pregunta é a seguinte: ten pensado o goberno municipal realizar algunha obra de mellora na biblioteca municipal que palíe as deficiencias das que se queixan os usuarios?.

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sr. Magariños. Teño que dicir que coincido con vostede e con ese escrito en bastantes cousas. Certo que o tema da biblioteca é un problema estrutural de fai moito tempo, e eu creo que cando algo non se coida pois ó final cando un quere recuperar a dinámica habitual é moi complexo. E seguramente produto de moito tempo onde os distintos políticos non nos fixamos ou non coidamos en exceso esas instalacións. Tamén é certo que, comprenderá vostede que hai determinados aspectos que son difíciles de solucionar a corto*

prazo. O tema da música de fondo que escoitan as persoas que van a estudar ou ler na biblioteca é moi complexo de solucionar mentres que a escola de música e o conservatorio e a banda estean nese edificio; é complexísimo buscarlle unha solución. Algunha solución se intentou adoptar, sabe vostede que algunhas das salas están insonorizadas, pero aínda así segue xerando molestias e problemas, e mentres que teñamos a biblioteca e un conservatorio no mesmo edificio, vamos a ter ese problema. E de momento non temos opción nin posibilidade de sacalo ou de cambiar esa infraestrutura. Polo tanto, aí temos un problema que teremos que resolver cun certo marxe de tempo. O tema do mobiliario, o tema dos horarios e o tema das queixas, coincide que é fundamentalmente certo que temos que mellorar o sistema da biblioteca municipal e teremos que entre todos aportar solucións, a ver como se pode mellorar e de que forma podemos prestar o mellor servizo. Coincido que é un servizo deficiente e que non é por medios humanos, creo que temos, segue estando o mesmo persoal e incluso manténdose o persoal que había en anos anteriores, non creo que sexa un problema de recursos humanos, é un tema de, seguramente, de medios materiais, e de optimizar eses recursos. E tendo en conta ademais que son moitas horas as que a biblioteca ten que permanecer aberta, as que o edificio ten que permanecer aberto polas diferentes actividades que se desenvolven nel, e que iso xenera un custe importante e que estamos intentando manter sen que as horas extras xeneren un problema de desigualdade co resto dos funcionarios ou de custe sobrelevado. Estamos intentando manter ese equilibrio, pero recoñezo e acepto, e lle pido que entre todos lle busquemos unha solución, a ver se somos capaces de, temporalmente. Xa lle dixen que a nosa aposta é sacar de aí a biblioteca municipal, ansiamos creo que o proxecto da casa das letras sería un proxecto moi interesante para A Estrada e daría prestancia a un edificio que ten un valor arquitectónico importante e que tería un uso que creo que sería bo e adecuado e perfecto para esa actividade. Mestras tanto, eu trasládolle e lle acepto o reto de buscar unha solución polo menos temporal a ese problema de que se están queixando os usuarios da biblioteca municipal.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Polo menos as cortinas e o mobiliario que poden ser aproveitados para o novo edificio que se contemple nos presupostos do ano 2013.

Sr. Alcalde: Pois é unha proposta concreta que valoraremos para os orzamentos do ano 2013.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Continuamos coa segunda parte. Empezou a primeira parte a portavoz de grupo socialista e agora empeza o portavoz do grupo do BNG. Cando ten previsto o alcalde traer a pleno a aprobación das modificacións do PXOM? En que se baseou o Sr. Alcalde para dicir nos medios de comunicación que o PXOM modificado sería remitido á Xunta este ano, sabendo que quedan menos de dous meses para que remate e que non ten convocado nin sequera a primeira comisión informativa para que coñezamos que é o que se ten feito con el? Outra pregunta: afirmaba ou non o Sr. López Campos, alcalde do noso concello que adaptar o PXOM ós cambios introducidos pola lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia era o camiño máis curto para obter a aprobación do PXOM? A que se debe que transcorridos máis de 15 meses dende a súa toma de posesión a tramitación do PXOM non teña nin un so paso?

Sr. Alcalde: Como para este goberno o Plan Xeral é algo tan importante que creo que non vale a pena entrar en debates estériles e recordar o pasado e saber o que fixo cada un, (todos sabemos perfectamente o que pasou co Plan Xeral ata o de agora), eu quero reafirmarme nese compromiso de rigor e de seriedade. Temos que garantir os trámites que quedan por facer do Plan Xeral. Eu espero que sigamos avanzando nesa dirección, poidamos ir cumprindo os prazos que temos marcados, ese é o noso obxectivo. Eu creo que ademais neste tema é fundamental traballar con prazos porque ó final o tempo pasa e un Plan Xeral é unha carreira de obstáculos que eu o dixen en máis dunha ocasión, moitos deles practicamente insalvables porque custa moitísimo avanzar, e desde logo hai que ter moito compromiso, moita implicación e incluso chegar a obsesionarse co Plan Xeral para poder

sacalo adiante. É unha realidade e é un feito constatable. Seguramente por un motivo deses A Estrada leva trinta anos sen ter un Plan Xeral. E eu quero reafirmarme nese compromiso, quero seguir mantendo ese nivel de actividade e de traballo. Creo que se ten feito e se ten avanzado moitas reunións e consensuado o documento coa Xunta e tramitado e feito análises que eu creo que enriquecen o documento e esperemos, eu o único que lle podo dicir que a miña vontade é poder levalo a unha comisión, poder analízalo, poder debatelo. Un documento que practicamente ven derivado dunha aprobación do ano 2005, cunha adaptación á lei do solo do ano 2010, cunha adaptación tamén ó trámite de avaliación ambiental estratéxica, coa memoria ambiental, un documento que ven encardinado encaixando determinados procesos que foron modificando as distintas normativas e que hoxe hai que encaixalo perfectamente para poder garantir a súa tramitación. Iso é o que se está facendo con moito esforzo, llo podo garantir, con moito traballo, moitos quebradeiros de cabeza, pero creo que ó final vale a pena todo o traballo e todo o esforzo e toda a dedicación, todas as horas que se lle están adicando a este tema. Porque creo que é o máis importante que ten este concello e creo que en iso coincidimos todos, o máis importante que ten esta corporación municipal, e polo tanto entendo que os grupos da oposición e o goberno coincidirán en que o plan é o suficientemente importante para que non entremos en debates estériles e en análises que non conducen a ningún lado. Simplemente iso, tentar que cando teñamos os deberes feitos e o traballo previsto e preparado, lles podo garantir que tramitaremos e valoraremos e analizaremos o documento, convocaremos as comisións informativas. E espero que sexa máis pronto que tarde, pero de momento non depende de nós nin está nas nosas mans, e seguimos traballando e tomando decisións nesa dirección. É o máximo que lle podo dicir, e espero que entendan que neste caso é moi difícil fixar unha data ou saber cal é o camiño ou a data concreta na que vamos a poder avanzar nese trámite. Eu espero que sexa dunha forma razoablemente rápida pero non podo garantir os pasos que se teñen que dar a posteriori. Polo tanto, xa lle digo, terán cumprida información e se convocarán as comisións informativas oportunas.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Eu creo que nin ó grupo socialista nin ó grupo do BNG lle gusta entrar en debates estériles. Eu podo falar polo BNG, supoño que polo grupo socialista tamén. Probablemente non traeríamos aquí este tema se polo menos souberamos prazos, se nos di “nestes prazos”; pero é que levamos quince meses e isto non parece que remate. Estásenos dicindo aquí que non é unha cuestión do grupo municipal do goberno, entón de quen é cuestión? Dános a impresión de que estamos ante unha situación de incompetencia da persoa responsable neste tema, que neste caso é o Sr. Alcalde, entón non me vai a levar máis que a pedirlle a súa dimisión, porque non está capacitado para levar o tema de urbanismo, porque está claro: que non sabe prazos, non é unha cuestión súa, entón de quen é a cuestión? Pero bueno, estes días, como ben dicía a portavoz do grupo socialista, fomos coñecedores da sentenza do Tribunal Supremo que estaba pendente de producirse e ben de ser ditada e confirma a anulación das normas transitorias que estiveron vixentes durante seis anos, unha marxe temporal máis que razoable para acabar a redacción do PXOM estes quince meses, pero bueno, en relación a isto tamén, vistas as declaracións públicas do Sr. Alcalde, esta pregunta: á marxe da crise económica, cada vez máis aguda, entre outras cousas por mor das súa políticas, pode explicarnos que cambiou para que no ano 2006, á finalización do período indicatorio da suspensión na tramitación de licenzas, e á entrada en vigor de novo das normas subsidiarias de 1978 a situación foi valorada polo seu grupo político como de catastrófica, instando (co resto do apoio dos grupos municipais, incluído o noso, á Xunta de Galicia, a suspender a normativa e a aprobar unha normativa, transitoria como así se fixo).

Sr. Alcalde: Sr. Magariños eu téño por unha persoa intelixente, sinceramente llo digo, sabe ademais con toda a cordialidade, que bueno, o grado de ridiculez que ten vostede pedindo a dimisión eu creo que o deixa en evidencia. De feito, eu dimitiría, por exemplo, se un partido creado nun mes como ANOVA me duplica en votos na Estrada, eu dimitiría como voceiro do BNG e posiblemente deixaría a política, se me duplicara un partido que en tres semanas se crea nun concello e saca o dobre de votos que o Bloque Nacionalista Galego. Ou dimitiría se perdera tres mil votos nunhas eleccións autonómicas ou nunhas eleccións

municipais con respecto ás anteriores. Eu dimitiría, seguramente. Non dimito das miñas responsabilidades cando, parece ser que socialmente o Partido Popular cada vez ten máis apoios e máis porcentaxe de votos. Estamos por encima do 50% nestas últimas autonómicas, gañamos unhas eleccións municipais, gañamos co 60% unhas eleccións xerais, home eu aí valoro certos aspectos sobre a xestión e o traballo que fai cada partido. E valoro que algún partido se quede nunha cifra practicamente irrisoria con respecto a outros partidos, ou que se perdan tres mil votos nunhas eleccións con respecto ás últimas autonómicas, iso si que me faría reflexionar moito sobre o meu futuro en política. De momento eu asumo a miña responsabilidade con dedicación e con traballo, e xa lle digo, téñoos por unha persoa intelixente e non faga este tipo de dedicatorias publicas que eu creo que o deixan en moi mala situación, que o deixan en evidencia. Llo digo como un consello que eu creo que debería aceptar, porque creo que están fóra de lugar os comentarios que vostede fai. Cando un busca titulares ten o riesgo de caer en ese tipo de forma de facer política demasiado, eu diría, demasiado pouco sensata, pouco seria. Así que reflexione vostede sobre o que está dicindo. Eu creo que temos que asumir con responsabilidade esta xestión e creo que a nadie se lle escapa que hai unha frase na Estrada que o di claramente: “o Plan Xeral pon e quita alcaldes”. O Plan Xeral posiblemente quitou ó anterior alcalde, e se este alcalde non aproba este Plan Xeral, posiblemente o quitará tamén. E esa é a responsabilidade que ten que asumir cada un. Eu asúmoos, desde logo, con toda a responsabilidade, e se este alcalde non aproba o Plan Xeral nesta lexislatura, pois dentro de dous anos e medio os veciños da Estrada terán que xulgar e facer o balance e ver si realmente aínda non aprobando, o balance é positivo; ou se aínda non aprobando o balance é negativo; ou se aínda aprobando o balance é negativo. Polo tanto, iso llo deixaremos ós nosos veciños, que son moi intelixentes e o puido ver vostede fai poucos días. A sorte que teñen vostedes é que se olvidan rápido das cousas e en iso si que os admiro, porque levan un batacazo electoral e os dous días xa están coas pilas cargadas outra vez para seguir escornándose contra a parede. Eu o acepto perfectamente, e ata lle digo que en certa medida os envidio nese traballo que fan os partidos da oposición, pero bueno, creo que a cada un, ó final, todos estes procesos electorales o poñen no seu sitio. Por iso lle digo, o meu compromiso (e llo dixen ó principio deste mandato) era aprobar o Plan Xeral, e polo tanto, cando toque, daremos cumprida conta do que se fixo e do que non se puido facer. Esa é a miña resposta e creo que con iso queda perfectamente claro cal é o compromiso deste goberno.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Fágolle o rogo de que non se tome con tanta tranquilidade a tramitación do Plan Xeral porque os veciños e veciñas da Estrada non poden seguir nesta situación.

Sr. Alcalde: Sr. Magariños, pódolle garantir que lle dedicarei menos tempo a aprobar o Plan Xeral do que lle dedicaron vostedes cando eran goberno, menos de catro anos, iso llo podo garantir. Polo tanto, non sei se o faremos mellor ou peor, pero máis áxiles llo podo garantir que si. Que vamos a cumprir, non vamos a deixar un Plan Xeral metido nos tribunais, vamos a deixar un Plan Xeral aprobado e intentando xestionar e desenvolver; e para iso sabe vostede que no presuposto xa deixamos case 700.000 euros apartados de inversión para facer actuacións do Plan Xeral, e que este ano no orzamento volveremos a deixar outra cantidade importante para poder desarrollalo e xestionalo, motivo máis que suficiente para considerar que este goberno entende que vai aprobar o Plan. Outros quedaron en evidencia ano tras ano cando non destinaban nin un solo euro a desenvolvemento dese Plan Xeral, polo tanto, pouca confianza podían ter na súa aprobación. Nós confiamos firmemente neste tema. Sr. Dono, por favor, se non lle importa estamos...si grazas a Dios, máis do dereito que do izquierdo, ultimamente suelo oír máis do dereito que do izquierdo, no izquierdo nótase interferencias, bueno pois agradézollo. Polo tanto ese é o compromiso que lle podemos facer publicamente e que eu sigo ratificando.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Pregunta: nos catro anos que vostede fala e que con respecto a vostede: computan os anos nos que vostede formou parte dun goberno do Partido Popular, ou non computan eses anos? Solo computa esta lexislatura? Máis que nada, a min as matemáticas gústanme moito, entón, cando falamos de subir e baixar porcentaxes, 500

votos ou 160.000 que se baixan tamén son importantes; entón, entende,, quero que me aclare se computa a etapa da súa etapa de goberno co Sr. Ramón Campos ou non.

Sr. Alcalde: Si.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Os catro anos xa van longos, xa van longuíños.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños estivo moi áxil aí. Algunha outra pregunta ou algún outro rogo? Pois se non hai máis rogos nin máis preguntas temos agora a parte da participación do público: se alguén quere facer algunha intervención a través do regulamento de participación cidadá, pode facer algunha pregunta a este pleno. Pois se non hai ningún rogo nin ningunha pregunta, moi boa noite e levántase a sesión. Moitas grazas.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos.

A Estrada, 8 de novembro de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González